

PLAN DE BIBLIOTECA ESCOLAR

PROXECTO 2024-2025

Biblioteca Agustín Fernández Paz

CEIP A MAÍA

BERTAMIRÁNS-AMES



LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO 2024/25

1. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

- Continuar afondando nas posibilidades da intranet Koha para a xestión dos fondos da biblioteca.
- Catalogación e organización dos fondos xa existentes e procura de novos fondos de interese para o alumnado e profesorado, en especial, aqueles relacionados co PDI.
- Descarte e expurgo.
- Atención ás persoas usuarias durante os recreos, por parte do equipo de biblioteca, ademais de polo alumnado de 6º curso.
- Promoción do uso da biblioteca en horario lectivo a través da asignación dunha hora de uso preferente asignada a cada grupo-aula.
- Coordinación e participación no proxecto documental integrado do centro.
- Solicitar a incorporación da radio escolar, integrado dentro do PLAMBE. De resultar o noso centro seleccionado, impulsar a súa posta en funcionamento.
- Formación de usuarios: alumnado de 1º EP (usuario da biblioteca por primeira vez), 6º (alumnado voluntario da biblioteca) e profesorado.
- Difusión das normas de uso da biblioteca, en xeral, coa colaboración do profesorado titor para o mellor funcionamento da mesma.
- Revisión e, de ser o caso, re-estruturación dos espazos na biblioteca: valoración da pertinencia de trasladar os xogos á ludoteca.
- Solicitud á Asesoría de Bibliotecas Escolares de novo equipamento para a biblioteca, ademais de asesoramento para a posta en marcha da radio escolar, de ser o caso.
- Realización e/ou colaboración en actividades de dinamización lectora, como por exemplo, amadriñamentos lectores, obradoiros de escritura, contacontos...
- Comezar a empregar este curso a ferramenta *agueiro* para a difusión das actividades da biblioteca así como a web do colexio.
- Promoción de accións que fomenten a implicación das familias.

2. DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA, INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E CONTRIBUCIÓN Á ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE E AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS DO ALUMNADO.

- O Equipo da biblioteca fará suxestións para a elaboración dun itinerario lector nos distintos niveis, con recomendacións xustificadas de obras literarias e informativas. Dado que este curso non contamos co tempo específico de *Hora de ler*, senón que pasa a integrarse nas materias, sobre todo nas lingüísticas, queda por determinar a temporalización desta acción en concreto.
- Dende a biblioteca organizaranse determinadas actividades conmemorativas: Día da Biblioteca, Día da radio e Semana do Libro. Tamén realizaremos exposición de obras en torno a outras conmemoracións: outono, 25-N, Nadal, Día Escolar pola paz, Día da muller, do medio ambiente...
- Iniciaremos a marcha dun novo blog da biblioteca en agueiro. Nel iremos recollendo as distintas actividades realizadas desde a biblioteca, incorporaremos recursos destacados e fomentaremos a participación do alumnado e das familias no Plan de Lectura.
- Os libros de nova adquisición serán expostos na sección de "novidades" para darllos a coñecer aos compañeiros e compañeiras e, por suposto, aos nenos e nenas. Despois, xa catalogados e etiquetados, colocáremos no sitio que lles corresponde.
- Así mesmo, seguiremos poñendo a disposición da comunidade educativa o Plan de Lectura do Centro, as guías que elaboramos en colaboración coas outras bibliotecas escolares de Ames polo Nadal e a final de curso, con suxestións de lecturas, e seleccións literarias de interese (en torno a conmemoracións, ao tema do PDI...).
- En relación á integración da biblioteca escolar no tratamento do currículo:
 - Neste aspecto é fundamental o préstamo temporal ás aulas de fondos relacionados coas distintas áreas curriculares, como por exemplo, textos de consulta para ciencias e matemáticas, textos literarios de diversos xéneros e autores, propostas para a educación artística, etc. Para favorecer esta

dotación de recursos, todo o profesorado terá o seu carné (poden levar 25 libros durante 30 días, para facilitar a lectura en grupo) e poderán facer a o auto-empréstimo dos fondos.

- Faremos unha recompilación de obras de interese en torno ao PDI que estará colocada nun expositor da biblioteca para o seu uso alí, sen posibilidade de levalas ás aulas. Isto garantirá que todo o profesorado e alumnado terá estes recursos dispoñibles para consulta na súa hora de atención preferente.
 - Á hora de adquirir novos fondos, daremos prioridade a ampliar a dotación de recursos informativos, con especial atención ás publicacións en lingua galega. E, por suposto, ás suxestións dos nosos compañeiros e compañeiras e do alumnado. Para tal fin, realizaremos unha enquisa entre os nenos e nenas.
 - Os servizos que a biblioteca escolar achega para a sesión semanal que cada grupo-aula pode acudir de xeito preferente permiten traballar as diversas áreas curriculares: equipos informáticos con material multimedia, fondos bibliográficos, espazos de traballo individual e espazos pequeno ou gran grupo (resulta especialmente útil pois as aulas non dispoñen dun lugar así).
 - O noso centro está dentro do Proxecto E-dixgal, polo que a biblioteca xoga un papel importante na alfabetización múltiple. Para isto esperamos contar, ademais dos fondos escritos, con ordenadores con acceso a internet, impresora e wifi para que o alumnado de 5º e 6º poidan traballar cos seus equipos de aula.
- Continuaremos facendo suxestións de lectura para a “biblioteca para as familias”, a través do [blog da biblioteca](#).

A biblioteca escolar constitúe un elemento fundamental no centro para o desenvolvemento das competencias, tanto pola amplitude dos recursos que contén, coma pola variedade de actividades que nela se poden realizar. En concreto:

- É básica para o desenvolvemento da competencia lingüística pola cantidade e variedade de fondos literarios que contén. Por outro lado, o feito de contar cun escenario permite traballar dun xeito especial os textos dramáticos e poéticos.
- Achega materiais útiles para as competencias matemática e de coñecemento e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, tendo en conta as necesidades e suxestións do profesorado e a debida proporción dos fondos. Dado que estes materiais están en diversos medios e soportes (CD-R, DVD, internet), propicia tamén

a competencia dixital, a competencia social, e de aprender a aprender, o sentido de iniciativa e espírito emprendedor, polo que potencia a alfabetización múltiple.

- As competencia cívica ponse en práctica ao ter que compartir espazos e materiais, ao participar nas actividades que teñen lugar na biblioteca, ao realizar tarefas individuais, de pequeno e de gran grupo. Por outra banda, a biblioteca achega recursos para coñecer diversas culturas e tratar os valores necesarios para a convivencia. Neste sentido, na adquisición de fondos estamos prestando particular atención a dotala de recursos para as titorías referidos á educación emocional, social e en valores.
- A conciencia e expresións culturais tamén teñen cabida, tanto a través dos fondos específicos e materiais audiovisuais, coma a través das actividades de expresión escrita e plástica que se organizan, da ambientación que realiza o alumnado cando nos visitan autores, etc. Dende os comezos desta biblioteca vimos procurando que sexa non só un lugar comfortable, senón tamén esteticamente motivador.

3. FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

Accións dirixidas ao profesorado:

- Continuar achegando unha serie de materiais e actividades para afondar co alumnado no coñecemento e manexo da CDU.
- Formación de profesorado de nova incorporación no uso de Koha para o empréstimo e devolución.
- Difundir entre os titores/as as normas de uso da biblioteca e recadar a súa colaboración para un mellor funcionamento do empréstimo durante os tempos de recreo, devolución dos fondos, etc.
- Facer propostas en torno ás conmemoracións das que se fala no Plan Anual de Lectura, en torno ao PDI escollido para este curso, que permitan traballar as competencias clave desde un enfoque multidisciplinar, fomentando a colaboración entre o alumnado e a creatividade.
- Utilizar tamén o blog da biblioteca e a páxina web do centro como recurso onde depositar e compartir ideas, materiais...
- Continuar mantendo activo o taboleiro que a biblioteca ten na Sala de Profesores, onde expoñeremos o Plan de Lectorura, recomendacións para itinerarios lectores, propostas de actividades, a táboa da CDU, etc.
- Compartir paxinas web que lles permitan traballar a competencia do tratamento da

información.

Accións dirixidas directamente ao alumnado:

- Sesións a comezo do curso para explicar a organización e funcionamento da biblioteca, especialmente necesarias para o alumnado de 1º curso, que se estrean como usuarios autónomos nos recreos (o alumnado de infantil está noutro edificio).
- Actividades específicas para o alumnado colaborador: coñecemento da biblioteca e das súas funcións, “contrato de colaboración”, etc.
- Incluír as *Normas de uso* dos diversos espazos e servizos no blog da Biblioteca e difundilas a comezos de curso.
- Actualizar a Guía de Usuario/a e difundila entre o alumnado de novo ingreso.

Accións dirixidas ao alumnado voluntariado:

- Formación de usuarios: como colocar ou buscar un libro, manuais sobre a CDU, ensinarlles a facer buscas, préstamo e devolución en Koha.

4. FOMENTO DA LECTURA E PLAN DE LECTURA DO CENTRO

As principais liñas de actuación para o fomento da lectura son:

- Poner a disposición do profesorado recomendacións literarias, modelos de rexistro de lecturas, as novas adquisicións, etc.
- Elaborar *Guías de Lecturas* para as familias, realizadas no ámbito da *Rede de Bibliotecas de Ames*.
- Actualizar o blog da biblioteca e darlle difusión entre a comunidade educativa.
- Habilitar espazos de recomendación de libros entre o propio alumnado.
- Comunicar ao profesorado materiais e experiencias de interese que aparecen no blog da *Asesoría de Bibliotecas Escolares*.
- Organizar celebracións coma o *Día do Libro*, das *Bibliotecas Escolares*, conmemoracións literarias, etc., de tal xeito que contemplen os tres eixos de fomento da lectura, dinamización dos fondos e formación de usuarios.
- Realizar actividades de lecturas compartidas, contacontos, etc., en colaboración coas titorías e outros equipos docentes.
- Colaborar cos equipos docentes que organizan encontros con autores.

O *Plan de Lectura do Centro* desenvólvese en cinco *actividades-marco* que se concretan cada curso no *Plan Anual de Lectura*. A biblioteca ten relación directa con cada unha delas:

- a) *Lectura nas aulas*: xa non existe un tempo diario, simultáneo en todo o centro para a lectura elixida libremente ou recomendada polo equipo de nivel. Porén o equipo da BE seguirá a achegar os seus recursos mediante o procedemento de préstamo temporal ás aulas de cara a que o profesorado continúe a desenvolver un bo hábito lector ademais dunha competencia lectora axeitada, cun dobre obxectivo: favorecer a variedade das lecturas ao longo do curso e promocionaren entre o alumnado libros interesantes pero menos coñecidos.
- b) *Itinerarios lectores*: libros que propoñemos que coñeza o alumnado ao longo da escolaridade. O equipo BE coordina a actualización dos mesmos, recollendo suxestións e propoñendo ao profesorado coleccións existentes nos fondos da biblioteca ou a posibilidade de mercar outras de interese.
- c) *Ler en familia*: estender o fomento da lectura ao ámbito familiar, a través da campaña *Mochilas Viaxeiras*. O Equipo da BE encárgase do contido das mochilas e de coordinar a actividade.
- d) *Proxecto documental integrado*: indagar nun tema, con carácter interdisciplinario, para aprender a aprender na sociedade da información. A biblioteca coordina e participa deste proxecto dinamizando accións no centro segundo se recolle no Plan Anual de Lectura.
- e) *Actividades de animación*: actividades de animación a lectura con carácter puntual, organizadas pola biblioteca, por equipos de nivel, etc., que poden estar relacionadas ou non cos apartados anteriores. Serían, por exemplo: amadriñamentos, concursos, sesións de contacontos, encontros con autores, etc.

5. AVANCES CARA A UNHA BIBLIOTECA INCLUSIVA

Aínda que contamos con acceso para persoas con mobilidade reducida dende o interior do centro, non pasa así coa entrada dende o patio, polo que ano tras ano recordámoslle ao Concello a necesidade da supresión desta barreira arquitectónica. Así mesmo, queremos pouco a pouco que a biblioteca mellore en canto a accesibilidade cognitiva

nas súas instalacións, difusión de normas de uso.

Os fondos que temos de lectura fácil, seguímolos ampliando para traballar a diversidade debida a TEA, trastornos da linguaxe, dificultades de aprendizaxe en xeral e por descoñecemento das dúas linguas cooficiais por parte de alumnado de procedencia estranxeira, libros con pictogramas, terapicuentos...

Mellorar a dotación de aparellos electrónicos (ordenadores, tablets, libros electrónicos...) que nos permita traballar con audiolibros, pictogramas, etc.

6.-OUTRAS ACTUACIÓNS

Dado que o traballo nos diferentes ámbitos que vimos expoñendo van ocupar gran parte da nosa actividade, as outras actuacións serán complementarias do anterior. Temos previsto levar a cabo as seguintes:

- Afondar na coordinación cos outros equipos de dinamización do centro.
- Continuar formando parte da Rede de Bibliotecas dos centros públicos de Ames, así como coa Biblioteca do Concello e outras bibliotecas.

7. AVALIACIÓN

As actividades de avaliación responderán aos seguintes criterios: que sexa continua, diagnóstica e que nos facilite analizar, a final de curso, as dificultades e os logros, para marcar os obxectivos do vindeiro curso.

Os procedementos previstos en base a eses criterios consisten en: saber a opinión de todos os sectores de usuarios, contemplar os diversos ámbitos de actuación da biblioteca escolar e facer da avaliación unha actividade continua para o Equipo da BE.

En canto aos instrumentos e indicadores, contemplamos os seguintes:

- As reunións mensuais do equipo, onde se valora como se vai desenvolvendo o proxecto, o funcionamento cotiá da biblioteca e as actividades realizadas.
- Ao remate do curso realizaremos a cuantificación do servizo de préstamo.
- Solicitamos a valoración do profesorado, a través dos equipos docentes, respecto dos recursos, os espazos, actividades realizadas... Coas achegas dos equipos docentes, elabórase unha Memoria do Plan Lector anual.
- Enquisas de valoración para o alumnado e/o profesorado.
- O *buzón de suxestións*, permanentemente dispoñible na biblioteca.
- Visitas e comentarios no blog da biblioteca por parte dos usuarios.

- Estatística de uso proporcionadas polo programa Koha.

6. PERSOA RESPONSABLE DA BIBLIOTECA. EQUIPO DE APOIO. HORARIO

COORDINA: SARA GÓMEZ MACHO

- 1.- ROSANA PÉREZ NOGUEIRAS
- 2.- PAULA OTERO VÁZQUEZ
- 3.- RAQUEL SUÁREZ NOYA
- 4.- ALBA DUARTE FERNÁNDEZ
- 5.- ISABEL RODRÍGUEZ BECERRA
- 6.- TOÑO VILLAVERDE VAYA
- 7.- CLAUDIA HERRERO
- 8.- ANA GONZÁLEZ DÍAZ-FAES
- 9.- VANESSA BLANCO FIGUEIRA

Porén, dado o estilo organizativo descentralizado que queremos manter, consideramos necesario o reparto de tarefas entre os membros do equipo da BE e, polo tanto, a asignación de sesións de traballo na biblioteca a todos seus membros, dentro do horario lectivo. A finalidade é lograr que a biblioteca sexa un elemento vertebrador no centro, no deseño e desenvolvemento de accións que permitan traballar as competencias clave. Por outro lado, posibilitar que a biblioteca se converta nun centro de recursos no centro, para a lectura, a información e a aprendizaxe. Para iso, é necesario que se inverta en recursos materiais e humanos. Unha destas tarefas é a catalogación. Pensamos que debe haber un equipo reducido dedicado á catalogación, con horario reservado para dita función; así mesmo, a encargada de manter o blog puntualmente actualizado, debería dispor tamén dunha hora semanal. Se isto non fora posible, propónse que haxa unha persoa por ciclo/etapa encargada de actualizar o blog, incluíndo nel as actividades que se vaian realizando ao longo do curso, ademais da persoa coordinadora para cuestións máis xerais.

Unha tarde ao mes terá lugar a reunión do Equipo de dinamización da biblioteca ao completo.

A persoa coordinadora da biblioteca formará parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, tal e como establece [a Resolución do 2 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros docentes universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no curso académico 2024/25](#). Consideramos isto

moi positivo se, como queremos, a biblioteca sexa un centro de recursos e un elemento dinamizador no centro para desenvolvemento das competencias clave.

A biblioteca abrirá todos os días nos recreos desde o mes de outubro e estará atendida polo profesorado de primaria do equipo BE, nun sistema de quendas. Ademais, colaborará o alumnado axudante de 6º curso.

Asignarase **unha hora semanal por grupo-aula para uso preferente da biblioteca**, segundo as preferencias manifestadas polas persoas titoras. Nestas sesións, o profesorado poderá desenvolver actividades de dinamización lectora propostas polo equipo da BE ou outras que considere. Este horario quedará supeditado á organización de actividades puntuais, dentro do Plan Anual de Lectura, como visitas de autores, contacontos, etc..

Ou outras que se decidan facer desde outros equipos. Neste senso cabe destacar que a biblioteca neste centro funciona como sala de usos múltiples. Por este motivo o mobiliario é móbil e as cadeiras pódense amorear.